



Resolución do 20 de novembro de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidades de Chinés (592004) e Xaponés (592013); no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidade de Viola da Gamba (594432) e no corpo de profesores de artes plásticas e deseño, especialidade de Deseño de Moda (595510), convocado pola Resolución do 29 de setembro de 2017 (Diario Oficial de Galicia n.º 191, do 6 de outubro; corrección de erros do 19 de outubro) .

Por unha Resolución do 29 de setembro de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, (*Diario Oficial de Galicia* n.º 191, do 6 de outubro; corrección de erros do 19 de outubro) convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidades de Chinés (592004) e Xaponés (592013); no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidade de Viola da Gamba (594432) e no corpo de profesores de artes plásticas e deseño, especialidade de Deseño de Moda (595510).

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e realizada a valoración dos méritos na convocatoria para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nos corpos e especialidades antes citados, de acordo co disposto na base sexta da citada convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional e facelas públicas no portal da internet desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidades de Chinés (592004) e Xaponés (592013); no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidade de Viola da Gamba (594432) e no corpo de profesores de artes plásticas e deseño, especialidade de Deseño de Moda (595510).




Segundo.- Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional indicados no apartado anterior.

Terceiro.- De acordo co disposto na base sexta da convocatoria acordada pola Resolución do 29 de setembro de 2017, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, mediante un escrito dirixido ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no citado portal da Internet. As alegacións así formuladas deberán remitirse tamén por correo electrónico no citado prazo ao enderezo persoal.secundaria@edu.xunta.es.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017

O director xeral de Centros e Recursos Humanos


José Manuel Pinal Rodríguez